

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

*RESOLUCIÓN do 12 de febreiro de 2018, da Secretaría Xeral de Emprego, pola que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, das táboas salariais para o ano 2018 do convenio colectivo da empresa Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.*

Visto o acordo polo que se aproban as táboas salariais para o ano 2018 do convenio colectivo da empresa Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U. (código 82000292011996), que se subscribiu entre a representación empresarial e a representación sindical do convenio colectivo da empresa Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U. na xuntanza do 18 de xaneiro de 2018, e de conformidade co disposto no artigo 90.2 e 3 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo,

A Secretaría Xeral de Emprego

RESOLVE:

Primeiro. Ordenar o seu rexistro e depósito no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia (Regcon).

Segundo. Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2018

Covadonga Toca Carús  
Secretaria xeral de Emprego

Acta 1/2018.

Asunto: xuntanza da comisión mixta do convenio.

Data: 18 de xaneiro de 2018.

Lugar: rúa do Vilar, 18, entresollado, Santiago de Compostela.

Relación de asistentes:

Pola Dirección:

José Luis Parada González.

María Martínez Suárez.



Pola parte social:

Jesús Fernández Martínez.

Fernando Romero Casas.

Antonio Álvarez Villaseca.

Orde do día:

1. Táboas salariais 2018.

Iniciase a xuntanza ás 10.30 horas do día do encabezamento, seguindo a orde do día:

1º. Sinatura das táboas salariais.

Publicado o IPC 2017 no 1,1 %, procedese a realizar a revisión das táboas salariais de 2018 de acordo co recollido no artigo 59 do vixente convenio colectivo.

Unha vez analizadas as táboas facilitadas pola empresa, estando as partes de acordo, procédese á súa sinatura.

Sen máis asuntos que tratar, péchase a xuntanza en Santiago de Compostela o 18 de xaneiro de 2018.

ANEXO I

**Táboa salarial 2018**

| Grupo profesional | Ano 2018      |               |                |                     |               |                |
|-------------------|---------------|---------------|----------------|---------------------|---------------|----------------|
|                   | Área operaria |               |                | Área administrativa |               |                |
|                   | Salario base  | Salario anual | Hora ordinaria | Salario base        | Salario anual | Hora ordinaria |
| G.P. I            | 931,97 €      | 16.589,07 €   | 9,79 €         | 973,08 €            | 17.320,78 €   | 10,22 €        |
| G.P. 2 - Nivel C  | 970,67 €      | 17.277,95 €   | 10,19 €        | 1.010,32 €          | 17.983,74 €   | 10,61 €        |
| G.P. 2 - Nivel B  | 1.032,03 €    | 18.370,11 €   | 10,84 €        | 1.058,81 €          | 18.846,82 €   | 11,12 €        |
| G.P. 2 - Nivel A  | 1.092,16 €    | 19.440,50 €   | 11,47 €        | 1.101,92 €          | 19.614,16 €   | 11,57 €        |
| G.P. 3 - Nivel B  | 1.103,67 €    | 19.645,30 €   | 11,59 €        | 1.156,38 €          | 20.583,60 €   | 12,14 €        |
| G.P. 3 - Nivel A  | 1.111,65 €    | 19.787,28 €   | 11,67 €        | 1.211,36 €          | 21.562,21 €   | 12,72 €        |
| G.P. 4            |               |               |                | 1.266,27 €          | 22.539,56 €   | 13,30 €        |
| G.P. 5            |               |               |                | 1.321,17 €          | 23.516,91 €   | 13,87 €        |
| G.P. 6            |               |               |                | 1.486,46 €          | 26.459,04 €   | 15,61 €        |



ANEXO II  
**Táboa salarial 2018. Conceptos**

|           |  |          |
|-----------|--|----------|
| Artigo 12 | Pezas de roupa de traballo administrativos/as                                | 9,40 €   |
| Artigo 31 | Días ponte   | 128,11 € |
| Artigo 32 | Festividade da patroa  | 128,11 € |
| Artigo 33 | Festa local tradicional  | 128,11 € |
| Artigo 46 | Noites 24 e 31 de decembro. Mañá e tarde do 25 de decembro e do 1 de xaneiro | 128,11 € |
| Artigo 47 | Complemento de garda de presenza   | 147,91 € |
|           | Complemento de garda de localización   | 108,95 € |
| Artigo 50 | Complemento de transporte  | 14,19 €  |
| Artigo 51 | Xantar ou cea  | 12,64 €  |
|           | Aloxamento e almorzo   | 35,05 €  |
|           | Quilometraxe   | 0,33 €   |
| Artigo 53 | Complemento de traballos penosos 1   | 20,91 €  |
|           | Complemento de traballos penosos 2   | 13,59 €  |
| Artigo 57 | Quebranto de moeda   | 264,12 € |
| Artigo 70 | Cesta de Nadal   | 50,00 €  |

  
**SERVIZOS**[www.cigaservizos.org](http://www.cigaservizos.org)